

## **CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN XESÚS BAL Y GAY PARA A REALIZACIÓN DO XIII FESTIVAL BAL Y GAY.**

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Enrique Rodríguez Baixeras, na súa calidade de presidente da Fundación Xesús Bal y Gay, con CIF G27517762, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

### **EXPOÑEN:**

As dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fóra do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.



A Fundación Xesús Bal y Gal ten como obxectivo, entre outros, fomentar e impulsar a organización de festivais de música clásica e, en particular, o festival de música Bal y Gay.

O Festival de Música Bal y Gay inicia a súa actividade en 2014 co único obxectivo de achegar a música clásica de calidade a unha contorna onde a accesibilidade a esta era moi limitada. Desde entón, intérpretes do momento reúnen na Mariña Lucense para promover a formación e difusión musical, ofrecendo concertos e experiencias artísticas onde a música comparte protagonismo coa Historia, a paisaxe ou o patrimonio arquitectónico da zona. Un proxecto que non só enriquece culturalmente a poboación se non que provoca unha afluencia turística sostible á provincia, dontándoa dunha maior visibilidade e repercusión.

O Festival sempre tivo a convicción que as accións culturais ou artísticas non deben interpoñer fronteiras e precísanse iniciativas que amplíen o espectro do público destes eventos. A música clásica e a súa historia é un patrimonio de todos que merece ser desfrutado polo maior número de persoas posible e nunca debe destinarse a unha clase social, idade ou poder adquisitivo determinado.

Despois de doce edicións, o Festival Bal y Gay consolídase como un evento cultural de referencia, tanto a nivel de público como de prensa, grazas a un cartel de artistas de primeiro nivel e unha formulación de espírito integrador onde a música se converte nun instrumento dinamizador da poboación. A figura do mero espectador transfórmase en usuario activo e o mesmo proceso de participación actúa como ferramenta para xerar identidade ao redor e a proposta cultural.

Outro dos piares da proposta son as actividades complementarias de carácter formativo e educativo tales como as clases maxistras, os concertos en familia, os concertos didácticos, as audicións musicais, os encontros con músicos ou as charlas divulgativas e conferencias sobre temas concretos.

O motivo e a razón de ser do Festival Bal y Gay é a divulgación da música clásica nos seus distintos formatos así como a creación dunha rede cultural firme nunha zona rural que axude a dinamizar a economía e o benestar da poboación local.

O Festival Bal y Gay é un evento cultural de referencia polo seu carácter integrador. Para isto é preciso manter a excelencia das propostas artísticas, desenvolver o proxecto socioeducativo en máis municipios e ampliar o seu programa a máis expresións artísticas como a danza, a pintura, o teatro e o cine.

É obxectivo da Fundación a ampliación e a dinamización da oferta cultural de Galicia, ofrecendo unha programación rica e variada ao alcance de todos, que logre realzar a imaxe do territorio e darlle valor engadido.



Nesta XIII edición do festival Bal y Gay organizaranse máis de doce representacións, encontros internacionais e accións culturais e pedagóxicas en espazos escénicos de toda índole - perfectamente acondicionados tecnicamente-, así como en espazos multidisciplinares, contribuíndo á dinamización dun espazo rural a través da cultura.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Xesús Bal y Gay para a realización do XIII Festival Bal y Gay.

Custo total das actuacións: 141.890 €.

Gasto	Importe
Alugueiros e canons: locais de concertos, instrumentos de aluguer, carpas, dereitos de autor, aluguer vehículo	7.500,00 €
Servizos profesionais: concertos, conferencias, gastos viaxes, aloxamento artistas	91.000,00 €
Prima seguro	700,00 €
Gastos de publicidade, comunicación	18.000,00 €
Outros servizos: montaxes e luces, asesoría laboral técnica, gastos de transporte de amigos da Fundación e abonados	7.700,00 €
Gastos de persoal propio da Fundación	16.990,00 €
<b>GASTOS TOTAIS</b>	<b>141.890,00 €</b>

Identificación das actuacións que se realizarán:

Ciclos de concertos de excelencia onde poderemos desfrutar de artistas habituais das grandes salas de concerto como son o destacado o Maestro Grigori Sokolov entre outros. Ademais, dentro da programación, contarase con dous concertos



Sinfónicos coas Orquestras: Real Filharmonía de Galicia e a Orquestra do Principado de Asturias.

Contarase cunha coidada e estudada programación con repertorio desde o Barroco máis temperán ata composicións do século XX. Un proxecto que tenta dar resposta a todas as sensibilidades estéticas baixo un paraugas de excelencia e crear un equilibrio de propostas que poidan ampliar o horizonte de público.

Proxecto Musico – Coral "MARINAENCANTO". Este proxecto consiste na formación e promoción dun coro infanto-xuvenil na zona da Mariña, a través da participación dos alumnos de primaria e secundaria de diversos centros educativos da comarca, que culminará nunha xornada de participación e convivencia na que se porá o punto e final cun concerto conxunto baixo unha única dirección.

Entre os seus obxectivos destaca acercar a música coral á poboación infantil e xuvenil de zonas rurais, promovendo o traballo en equipo desde unha perspectiva lúdica e integradora.

Proxecto Operiña. Partindo da idea do programa *Creating Original Ópera* (Creando unha Opera orixinal), iniciada pola Metropolitan Opera Guild, a Fundación Xesús Bal y Gay con esta proposta fomentará, co alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria dos colexios colaboradores, o desenvolvemento de creación e posta en escena dunha ópera orixinal adaptada, entendendo a ópera como o gran referente integrador de numerosas disciplinas (teatro, música, danza, literatura, artes plásticas etc).

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades por canto é a Fundación Xesús Bal y Gay, segundo consta nos seus estatutos, a que ten entre os seus obxectivos fomentar e impulsar a organización do festival de música Bal y Gay.

Por todo o anterior é a Fundación Xesús Bal y Gay a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

## **SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Xesús Bal y Gay.**

A Fundación Xesús Bal y Gay comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa



da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A beneficiaria deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen o artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A beneficiaria ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.



A Fundación Xesús Bal y Gay comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade de 35.000 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 13.03.432B.481.2: 10.000 € e con cargo á 13.03.432B.781.1: 25.000 €, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2015 00372.

Esta cantidade, 35.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso,



da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2026.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Nesta memoria deberase indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
  - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
  - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento, dos gastos financiados con cargo á achega da consellería.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público,



para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

#### Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

#### **QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta**

Pagamentos anticipados: segundo o disposto no artigo 63.1 do Regulamento de subvencións de Galicia, poderanse conceder os seguintes anticipos:

- No caso da achega con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.481.2, poderanse solicitar e conceder pagos anticipados ata o 80% como máximo, 8.000 €.
- No caso da achega con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1, poderanse solicitar e conceder pagos anticipados ata o 50% como máximo, 12.500 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.



Pagamentos a conta: segundo o disposto no artigo 62 do Regulamento de Subvencións, poderanse conceder pagos a conta, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto de pagos anticipados e de pagos a conta que se concedan non excederá de 18.000,00 €.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevea a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

#### **SEXTA.- Comisión mixta de seguimento.**

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente da Fundación Xesús Bal y Gay.

#### **SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio**

O incumprimento de calquera das estipulacións deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

*"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.*

*Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."*

#### **OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio**



As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Xesús Bal y Gay acepta a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

#### **NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.**

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

#### **DÉCIMA.- Administración dixital.**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019),



que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición.**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica.**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



**DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia.**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude      O presidente da Fundación  
Xesús Bal y Gay

José Carlos López Campos

Enrique Rodríguez Baixeras.

